

AS COPLAS DO COMANDANTE MORENO

AS COPLAS DO COMANDANTE MORENO



Subvenciones destinadas a actividades relacionadas con la recuperación de la Memoria Democrática 2023 «Pasado, presente y futuro de la memoria oral en la frontera astur-galaica» MPRCMD-23-217-MD-2023

Autores e autoras:

Textos: Noelia Bueno Gómez e Salvador Beato Bergua

Cartografía: Salvador Beato Bergua

Revisión: Ana Alonso Enríquez

Maquetación e ilustracións: Forma

ISBN: 978-84-09-63588-7

D.L.: AS 02089-2024

Algúns textos foron corrixidos respecto da publicación orixinal polas autoras e autores para a versión dixital en decembro de 2025.

**MEMORIA
ORAL NA
FONSAGRADA**

**AS COPLAS DO
COMANDANTE
MORENO**



PRESENTACIÓN

Memoria oral na Fonsagrada: as coplas do comandante Moreno é unha exposición financiada polo Ministerio da Presidencia coa colaboración do Concello da Fonsagrada e a Universidade de Oviedo.

O traballo que aquí se presenta é o resultado da colaboración dunha larga lista de informantes que compartiron a súa experiencia da dor colectiva expresada nas coplas, así como dun grupo de especialistas e voluntariado que apoiaron a exhumación das fosas comúns e a investigación histórica.

Invitámoste a un breve percorrido pola memoria oral que a veciñanza da Fonsagrada mantivo do asasinato dun grupo de membros do Batallón Galicia, no ano 1937, no alto do Acevo.

Índice

8 El comandante Moreno

Versión compilada por D. Schubart e A. Santamarina en 1981, recollida no libro *Cántigas populares*, Vigo, Galaxia, 1983.

Versión compilada por José Bueno Díaz hacia 1990.

Versión compilada por la ARMH y publicada el 26/11/2010 en YouTube
<https://www.youtube.com/watch?v=jWeHc6815Rg>

14 Introducción

16 Xeografía

18 Reconstrución histórica: os feitos

19 O Batallón Galicia

20 As vítimas do Acevo

23 Autoría e transmisión das coplas

25 Funcións sociais das coplas

26 Descrición

27 Hermenéutica

29 Reconstruíndo a historia e a memoria

31 Repercusión posterior e bibliografía

EL COMANDANTE MORENO

Versión compilada por D. Schubart e A. Santamarina en 1981,
recollida no libro *Cántigas populares*, Vigo, Galaxia, 1983.



Versión de Prefeuto, 63 anos Ouviaña, Baos, Ribeira de Piquín

En el pueblo de Acebo
pueblo de pocos amigos
donde matan a los hombres
después de tantos martirios

aunque soy un pobre anciano
y sin carrera algunha
ya sé que voy caminando
derechamente a la tumba

poco antes de morir
y con gran sentimiento
yo les voy a explicar
este trágico suceso

como ya están enterados
en ese pueblo de Acebo
mataron a dieciséis
y el comandante Moreno

estos venían de Asturias
a sus casas de regreso
haciendo uso del derecho
que les concedió el gobierno

se hospedan en un pajar
sin mantas y sin colchón
sin saber que eran los pobres
victimas de una traición

los del pueblo del Acebo
fingiendo de izquierdistas
se marchan a Fonsagrada
dar cuenta a los falangistas

estos vinieron muy pronto
aunque venían de lejos
allí los asesinaron
como si fueron conejos

están ya los cuerpos de estos
en la fosa descansando
mas le valiera al Moreno
estarles acompañando

el Moreno no cayó
con los demás compañeros
a una fuga se dio
pero cayó prisionero

con dos tiros en el cuerpo
allí de mala manera
muchos martirios le han hecho
en la misma carretera

los martirios y tragedias
que le han hecho pasar
al comandante moreno
es imposible explicar

unos le dan bofetadas
otros le dan puntapiés
otros le hacen preguntas
al derecho y al revés

y después de largo tiempo
sin darle ningún sustento
una partida de palos
le daban por alimento

una vez hecho cadáver
al comandante Moreno
fue llevado hasta la fosa
de los demás compañeros

y después tienen valor
a subir a la carretera
unos con la pluma de oro
y otros con la gran guerrera

con una buena zamarra
del comandante Moreno
paseaba en Fonsagrada
el otro día un “caballero”

paseaba en Fonsagrada
con la zamarra de cuero
y un chistoso le decía
qué buen mozo estas moreno

donde esta el reloj de oro
del comandante Moreno
seguramente se gasta
en el pueblo del Acebo

donde esta la cazadora
del comandante Moreno
seguramente se gasta
muy cerquita de San Pedro

quén son aquellas dos luces
que pasaron al Acebo
son las sobrinas mayores
del comandante Moreno

el comandante Moreno
hombre honrado y valiente
en los montes del Acebo
ahí le disteis la muerte

falanges de Fonsagrada
no podréis subir al cielo
porque allí esta de portero
el comandante Moreno.

**Estrofas complementarias
recollidas por unha alumna
do Instituto da
Fonsagrada**

Falanges de Fonsagrada
ahora estaréis contentos
no tendréis miedo al hambre
con la carne que habéis hecho

en el año treinta y siete
en el alto del Acebo
matastes a dieciséis
y al comandante Moreno

al Moreno no le importan
cinco balas de fusil
que le quitaran la vida
y no le hicieran sufrir

dónde esta la camiseta
del comandante Moreno
seguramente se gasta
en Río Tordo de San Pedro.

Estrofas complementarias

**Horocel, 29 anos, 1980
Barcia, San Xorxe,
Ribeira de Piquín**

Unos le dan bofetones
otros le dan puntapiés
otros le clavan agujas
en las uñas de los pies

dónde va la cazadora
del comandante Moreno
seguramente la tiene
Joselillo de Robledo

dónde va el reló de oro
del comandante Moreno
seguramente lo tiene
o Caielo de San Pedro

e o xastre de Carballedo
como era tan lixeiro
deull'un golpe ca culata
hala axina pra furada

EL COMANDANTE MORENO

Compilada por José Bueno Díaz hacia 1990.

**Versión de Jesús Bueno
Blanco e Paz Díaz
Rodríguez, Pántaras**

En el pueblo del Acebo,
pueblo de pocos amigos
donde matan a los hombres
después de tantos martirios.

Como ya están enterados,
en el pueblo del Acebo
mataron a dieciséis
y al comandante Moreno.

Estos venían de Asturias
a sus casas de regreso
dando uso al derecho
que les concede el Gobierno.

Se hospedan en un pajar
sin matas y sin colchón,
sin saber que eran los pobres
objeto de una traición.

Los vecinos del Acebo
fingiéndose de izquierdistas
marchan a Fonsagrada
a dar parte al falangista.

Estes que pronto han llegado
aunque venían de lejos,
allí los asesinaron
como si fueran conejos.

Y para mayor escarnio
como si gente no fueran
los meten en un barranco
al pie de la carretera.

Estos ya tienen el cuerpo
en una fosa descansando,
más le valiera al Moreno
estarles acompañando.

El Moreno no cayó
con los demás compañeros,
a una fuga se había dado
pero cayó prisionero.

No le importaba al Moreno
una bala de fusil
que le quitara la vida
si no le hicieran sufrir.

Con dos tiros en el cuerpo
tirado en la carretera,
lo tuvieron mucho tiempo
allí de mala manera;

unos le dan bofetadas,
otros le dan puntapiés,
otros le hacen preguntas
al derecho y al revés.

Acercándose a la muerte,
por la sangre que ha perdido
aunque era hombre valiente
dio el último suspiro.

Una vez hecho cadáver
el comandante Moreno
lo llevaron a la fosa
donde los demás compañeros.

Ahora tienen valor
a salir a la carretera,
unos con la pluma de oro
y otros con la gran guerrera.

Con la zamarra de cuero
se paseaba un caballero
y un chistoso le decía:
¡Qué buen mozo estás Moreno!

En esta revolución
los hombres de capital
se lanzaron a la calle
con el alma en el morral

y cantando el Cara al sol
recorren todos los pueblos,
van gritando por la Patria
y cometiendo atropellos.

Falanges de Fonsagrada
si queréis subir al Cielo
tendréis que pedir perdón
al comandante Moreno.

Falanges de Fonsagrada
ahora ya estaréis contentos,
no tendréis miedo al hambre
con la carne que habéis hecho.

EL COMANDANTE MORENO

Versión compilada por la ARMH y publicada
el 26/11/2010 en YouTube
<https://www.youtube.com/watch?v=jWeHc6815Rg>



**Versión de María Severina
Murias Fernández
Vilarín de Abaixo, 1926**

Es ese pueblo de Acebo
pueblo de pocos amigos
donde matan a los hombres
después de tantos martirios.

Como ya están enterados
en ese pueblo de Acebo
mataron a dieciséis
y al comandante Moreno.

Aunque soy un pobre anciano
y sin carrera alguna
ya sé que voy caminando
derechamente a la tumba.

Poco antes de morir
con gran sentimiento
yo les quiero explicar
este trágico suceso.

Estos venían de Asturias
a sus casas de regreso
haciendo uso del derecho
que les concedió el gobierno.

Se hospedan en un pajar
sin matas y sin colchón
sin saber que eran los pobres
víctimas de una traición.

Los del pueblo del Acebo
diciendo de izquierdistas
marcharon a Fonsagrada
dar cuenta a los falangistas.

Estos vinieron muy pronto
aunque venían de lejos
allí los asesinaron
como si fueran conejos.

Están ya los cuerpos destos
en la fosa descansando
más le valiera al Moreno
estarlos/les acompañando.

El Moreno no muriera
con los demás compañeros
a una fuga se diera
pero cayó prisionero.

Con dos tiros en el cuerpo
allí de mala manera
muchos martirios le han hecho
en la misma carretera.

Los martirios y tragedias
que le han hecho pasar
al comandante Moreno
es imposible explicar.

Unos le dan bofetadas
otros le dan puntapiés
otros le hacen preguntas
al derecho y al revés.

Y después de largo tiempo
sin darle ningún sustento
una partida de palos
le daban por alimento.

Una vez hecho cadáver
el comandante Moreno
fue llevado hasta la fosa
con/de los demás compañeros.

Y después tienen valor
a salir a la carretera
unos con la pluma de oro
y otros con la gran guerrera.

Con una buena zamarra
del comandante Moreno
paseaba en Fonsagrada
al otro día un caballero.

Paseaba en Fonsagrada
con la zamarra de cuero
y un chistoso le decía
qué buen mozo estás Moreno.

No quisiera ser falange
ni vecino del Acebo
aunque me dean a Madrid
y me regalen Toledo.

Falanges de Fonsagrada
no podréis subir al cielo
porque está de portero
el comandante Moreno.

El comandante Moreno
hombre honrado y valiente
en los montes del Acebo
allí le disteis la muerte.

Quién son aquellas dos chicas
que pasaron al Acebo
son las sobrinas mayores
del comandante Moreno.

Se oyó una voz que decía
si esto llega a cambiar
los del pueblo del Acebo
los vamos a visitar.




Introdución

As coplas do comandante Moreno foron compostas arredor do ano 1938 no concello da Fonsagrada, e transmitidas, en diferentes versións, máis ou menos completas ou en partes e de maneira exclusivamente oral durante máis de 40 anos. Relatan o asasinato de 16 integrantes do Batallón Galicia no ano 1937, por un grupo de falanxistas da Fonsagrada. Entre eles, o do comandante Moreno, célebre dirixente sindical anarquista coruñés, que foi tamén torturado. As coplas contan como foron enterrados en fosas (3 deles foron fusilados na Fonsagrada e enterrados no cemiterio) e realizan unha serie de xuízos que permiten identificar aos responsables e que prometen perdón, reparación, castigo ou vinganza.

O recurso a unha cultura de memoria oral que aínda tiña plena vixencia no momento en que se compuxeron e se empezaron a transmitir, foi vital para sortear a censura durante a ditadura, así como para cumprir unha serie de funcións sociais e históricas cruciais para asegurar o recordo e non perder de vista a posibilidade da reparación. As coplas representan unha expresión dunha dor colectiva sobre uns sucesos que a xente da Fonsagrada quixo condenar; unha estratexia de resistencia contra a represión e contra un relato imposto desde fóra, interesado en difundir o medo.

A ARMH promoveu a exhumación dos corpos dos milicianos do Batallón Galicia nos anos 2007 e 2008; fixéronse homenaxes na Fonsagrada e as familias decidiron enterralos, por fin dignamente, no cemiterio local. Este fito marcou un antes e un despois no necesario proceso de reparación, tanto para as familias como para a veciñanza da Fonsagrada.

As coplas foron compiladas por escrito por primeira vez por Dorothé Schubart e Antón Santamarina, no ano 1981, e recollidas no *Cancioneiro Popular Galego*, editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, no 1984. As gravacións e as transcripcións daquela recolleita están publicadas na páxina web do Museo do Pobo Galego. O son das coplas é o recuperado do de “Carmiña do meu agrado”, a música orixinal que se reciclou para o romance, e que tamén se recolle no cancionero.



Xeografía



Fonte: Elaboración propia a partir das bases topográficas e os modelos dixitais do terreo do Instituto Geográfico Nacional

O límite provincial e autonómico entre Galicia e Asturias esténdese claramente entre a ría do Eo e os Ancares, cun trazado sinuoso que comprende o concello de San Tirso de Abres, no territorio asturiano, e o de Nequeira de Muñiz, na provincia de Lugo. Como espazo fronteirizo, a raia é un lugar de tránsito e afastado dos centros de poder rexionais, illado tamén historicamente polas características intrínsecas da súa paisaxe ao afastármolos da costa. Certamente, o relevo vólvese brusco cara ao interior porque o monte, na indisoluble conexión entre os antigos macizos galego

e asturiano, está percorrido por innumerables correntes fluviais. Os regos e os ríos da conca do Eo-Navia aliméntanse das altas precipitacións propias dos climas oceánicos e de montaña, asentándose nos materiais de lousa e deixando destacados os afloramentos de cuarcita. O rigor climático dos invernos, acentuado por unha maior altitude e distancia da costa, así como a pobreza dos solos, dificulta a rexeneración dos bosques de carballos e bidueiros, substituídos en gran parte por plantacións de coníferas (piñeiro mariño, sésil e de Monterrei), castiñeiros e polos

breixos e toxos que foron, nun pasado non moi afastado, zonas de pasto e mesmo de cultivo.


A zona detalladamente estudada comprende a contorna da Fonsagrada e o val do Navia, no sector que actualmente ocupa o Encoro de Salime (inaugurado en 1955), unido pola estrada que une a vila de Lugo coa vila asturiana de Grandas. No Porto do Acevo conflúen as estradas LU-701 e AS-12, que a 1.030 m sobre o nivel do mar permite atravesar a serra de Penas Apañadas, cun cumio de 1.202 m. O trazado transcorre paralelo ao primitivo Camiño de Santiago que, procedente de Oviedo, discorre polos cumios e partes altas das ladeiras, evitando, na medida do posible, a forte pendente imposta pola profundidade dos vales; unha, a do Navia, por debaixo dos 150 m de altitude. O asentamento está disperso e as aldeas asóciense principalmente a zonas que tradicionalmente eran destinadas á agricultura, aínda que entre os usos actuais do solo esta actividade ten un escaso peso, predominando os cultivos forestais e as zonas de pasto.

En 2023, o concello da Fonsagrada tiña 3.186 habitantes repartidos entre 282 entidades singulares. Nese ano, o centro urbano contaba con 1.094 persoas empadroadas. Porén, na década de 1930 a poboación municipal superaba os 15.000 habitantes (por exemplo, segundo o censo da Fonsagrada de 1930 a poboación de feito era de 15.807 habitantes e a de dereito de 17.896). Así, as aldeas e a capital do concello tiñan unha poboación moito maior, dedicada en gran parte ao mantemento das aldeas, mediante un conxunto de actividades agrosilvo-

pastorís dirixidas á supervivencia das casas e das familias. A presión demográfica sobre o medio ambiente era tan alta e a chamada das cidades tan explícita que obrigou á migración interna, cara capitais de provincia, e á migración internacional, principalmente a América. Esta situación provocou unha paulatina desestruturación sociocultural, acentuada polo éxodo rural iniciado a mediados do século XX e o cambio definitivo do modelo económico, que provocou importantes transformacións paisaxísticas. As aldeas foron perdendo poboación e os espazos agrarios mudáronse en bosques ou zonas de extracción de recursos enerxéticos ou mineiros.

Os feitos aquí narrados ocorreron nunha franxa que de leste a oeste ocupa uns 150 km², a escasos 20 km lineais de Tresmonte de Buliqueira, nun val do Navia ao norte de Negueira, que ascende cara a Bustelo do Camín e Pedras Apañadas, na fronteira con Galicia; ata a capital da Fonsagrada, á que se chega dende o Porto do Acevo polas alturas de Follabal, a máis de 900 m de altitude. Ao norte e sur, ríos como o Rodil, Ferraría, Navallo ou Muñón, e regos como o Invernal, Parada ou Pacio, escavan os vales, identificando resaltes elevados onde se sitúan as aldeas e as súas terrazas; algunhas das cales son Barbeitos, Fonfría, O Acevo, Ferreiros, A Trousa, Monteseiro, en Galicia; ou Monteserín pequeno, Monteserín grande, en Asturias. Todas elas, entrelazadas nunha complexa rede de camiños e relacións sociais que romperon o illamento e facilitaron a vida nas duras montañas; e iso perdeuse baixo a maleza da modernidade.

Reconstrución histórica: os feitos



Fonte: Elaboración propia a partir das fotografías aéreas do voo fotogramétrico Americano Serie A do *Army Map Service* (EEUU) e o Exército do Aire, anos 1945 e 1946.
Fotogramas do Ministerio de Defensa (CECAF)

Segundo os testemuños que recollemos e a investigación histórica realizada por Carmen García-Rodeja Arribí para a ARMH, e os traballos de Eliseo Fernández e outros historiadores, José Moreno Torres (da CNT galega) e o grupo de milicianos do Batallón Galicia intentaban volver as súas casas ou sumarse aos fuxidos nos montes despois da caída da fronte asturiana, acontecida o 21 de outubro de 1937.

Os milicianos entraron en Galicia polo concello de Negueira de Muñiz; subiron por Trasmonte, onde encontraron a Leoncio e Secundino, de Teixeira (Grandas de Salime), que lles indicaron como evitar o Acevo. Confundíronse e foron dar ao Acevo, onde na noite do 29 ao 30 de outubro de 1937 pediron pousada e deixáronlles pasar a noite na cantina da Carola. Un gru-

po grande foi aloxado no palleiro, e Moreno e algún compañeiro máis, na primeira planta da cantina. Os da casa foron denunciados aos falanxistas da Fonsagrada, que viñeron e mataron alí mesmo a boa parte dos milicianos. Un deles, Jesús Marínez Castro, foi detido e executado na Fonsagrada o 31 de outubro do 1937 xunto a Manuel Bugallo Lois, tamén pertencente ao Batallón Galicia, do cal non se sabe se ía no mesmo grupo de fuxidos. Tamén foi fusilado na Fonsagrada Maximino Díaz Bugallo; os tres foron enterrados nunha fosa común no cemiterio da Fonsagrada.

Moreno e os que durmían na primeira planta da cantina presentaron resistencia, houbo un tiroteo e morreu o falanxista Emilio Villar Robledo. O comandante Moreno e dous ou tres milicianos máis esca-

paron ata Bustelo do Camín, onde Carmen lles deixou enxugarse. Desde alí foron ata Monteseirín Pequeno, onde Cándida do Blanco lles deixou entrar e lles deu castañas. Os falanxistas e un garda civil pilláronos alí; a Moreno levárono de volta ao Acevo, onde o torturaron e o mataron. Ao grupo de asasinados no Acevo foron enterralos xusto despois da raia que separa Galicia de Asturias, en tres fosas, nas que se encontraron os restos de trece corpos en 2007 e 2008. As fosas foron entón exhumadas pola ARMH e voluntariado da zona e de fóra, e os corpos descansan xa no cemiterio da Fonsagrada.

Dous dos milicianos do grupo conseguiron escapar do Acevo e chegar á Coruña; eran Moisés Erguido Blanco e Víctor Paradela Ríos. Un deles escribiu unha carta de agradecemento aos veciños da Fonsagrada que lles axudaron. Outros dous milicianos que escaparon foron detidos despois: Julián Carballo Gómez foi detido en Tineo (Asturias), xulgado por rebeldía e executado na Coruña o 11 de maio de 1938 (segundo a información de Nomes e Voces); e Julio Roca Gantes foi detido en Asturias.

O Batallón Galicia

O Batallón Galicia constituíuse en setembro do 1936, nun primeiro momento a cargo do anarquista José Penido Iglesias. A el foron sumándose soldados de orixe galego, entre eles desertores do bando franquista recrutados pola forza en Galiza, gardas de asalto comunistas e un grupo de militantes da CNT coruñesa, que conseguiran chegar ao porto de Xixón por mar. Neste grupo ían José Moreno Torres, Moisés Erguido, Emilio Novás e Manuel Gantes; saíron nunha barca que bautizaron como *A Libertaria* o 5 de Xaneiro de 1937, e chegaron ao porto de Xixón dous días máis tarde. A partir dese momento, empezaron a colaborar coas actividades da Agrupación Confederal Galaica e o Batallón Galicia, que defendeu a República na fronte occidental en Asturias. José Moreno Torres asumiu o posto de comandante do Batallón Galicia ao ascender José Penido ao mando de 3ª Brigada de Asturias, na primavera de 1937, á que pertencía o Batallón Galicia. Foron desprazados a Euskadi en xuño dese ano, e despois repregados a Santander e, de novo, a Asturias. A caída da fronte asturiana sorprendeu ao Batallón Galicia no Porto de San Isidro, desde onde non chegaron a tempo a embarcar en Xixón, camiño do exilio en Francia.

Un grupo de integrantes do Batallón Galicia, ao non poder escapar polo porto de Xixón, intentaron volver a Galicia polo interior, e foi así como foron dar ao Acevo. Nese grupo ían, segundo o Informe da ARMH e a reconstrución histórica de Eliseo Fernández: o comandante José Moreno Torres, Julián Carballo Gómez, Jaime Machicado Llorente (delegado político), Moisés Erguido Blanco (capitán axudante), Maximino Martínez Fernández (tenente axudante), Enrique García Lago (capitán), José Fernández Patiño (oficial), Emilio Novás Naya (capitán), Luis Rafael Villar Sánchez (sarxento de habilitación) e varios milicianos máis.

As vítimas do Acevo



Nas 3 fosas do Acevo foron encontrados 13 corpos, dos que a ARMH identificou aos 11 que aparecen no informe da exhumación, mais nesta listaxe había erros: Albino Domínguez Márquez non é un dos mortos no Acevo, como tampouco o poden ser Manuel Rivas Rey, José Balado Gil, e existen dúbidas sobre Enrique García Lago. Nun primeiro momento pensouse que os outros dous corpos podían pertencer a José Fernández Patiño e Enrique Viadero Haya, pois ambos aparecen mencionados no arquivo do Ministerio de Política Territorial y Memoria Democrática como vítimas encontradas na fosa do Acevo, mais nova información arroxa dúbidas razoables sobre estas identificacións.

No cemiterio da Fonsagrada, na lápida que recorda aos alí enterrados, aparecen os nomes dos que foron identificados polas familias (7 dos 13 encontrados nas fosas), máis 2 dos fusilados na Fonsagrada e “seis milicianos máis”; en total, 15 corpos. Esta é a listaxe de milicianos mortos no Acevo que poideron ser identificados. A día de hoxe, quedan 6 corpos sin identificación.

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome
Moreno	Torres	José
Machicado	Llorente	Jaime
Ramos	Escarís	Manuel
Masid	Masid	Odilo
Martínez	Fernández	Maximino
Novas	Naya	Emilio
Villar	Sánchez	Luís Rafael



José Moreno Torres (CNT), natural de A Coruña, de 33 anos. Fillo do militante anarquista José Moreno Bello, fundador de Unión Campesina cara 1910. Emigrado en Nueva York e panadeiro; desde 1932 foi un dos militantes máis destacados da CNT galega. Ocupou cargos na Sociedad de Panaderos de A Coruña e en federacións locais da CNT. Foi secretario da Confederación Rexional Galaica, colaborador de *Solidaridad Obrera* e colaborou coa organización da resistencia ao golpe militar na Coruña. Fuxiu a Xixón por mar. En Asturias participou na fundación da Agrupación Confederal Galaica. Foi comandante do Batallón Galicia.

Tiña un fillo, nacido no ano 1936, que o buscou durante toda a súa vida sen saber se morrera, como morrera, nin onde estaba enterrado.

Foto: José Moreno (con funda escura) nunha Panadería colectiva durante unha folga na Coruña. Eliseo Fernández, *Dossier Acebo*



Jaime Machicado Llorente (FAI e CNT), natural de Ribadesella e veciño de Xixón, 28 anos. Comisario político do Batallón Galicia. Era confeitoiro e estaba casado. A súa neta foi identificada e contactouse con ela no momento da exhumación.



Manuel Escarís Ramos (ou Ramos Escariz) (Sindicato da Industria Pesqueira da CNT de Cariño), natural de Santiago e veciño de Cariño, 25 anos. En Asturias participou na fundación da Agrupación Confederal Galaica. Militou na Agrupación de Gallegos Libertarios de Asturias. Foi comisario político da 4ª Compañía do Batallón Galicia.



Odilio Masid Masid (CNT), natural de Piñor, Ourense, 25 anos. Emigrado na Habana, á súa volta participou na organización da Asociación de Campesinos de Piñor, da que foi secretario. Chegou a Xixón na Libertaria e en Asturias ingresou no Batallón Galicia, do que foi comisario político. Militou na Agrupación Confederal Galaica e no Socorro Rojo Internacional. Foi ferido en combate, en febreiro de 1937, na ofensiva contra Oviedo. A súa familia asistiu á homenaxe tras a exhumación da fosa na Fonsagrada.



Maximino Martínez Fernández (CNT), natural de Outes, A Coruña, 28 anos. Era mariñeiro, foi presidente do Sindicato de Campesinos e Oficios Varios da CNT de Pontenafonso, e tamén militou na Agrupación Confederal Galaica. Xunto con outros resistentes, escapou a Euskadi dende Muros, e de alí pasou a ingresar no Batallón Galicia, en Asturias.

Emilio Novas Naya (CNT), natural de Vilaboa (Culleredo, A Coruña) e veciño de San Pedro de Nós, 32 anos; era cocineiro. Estivera emigrado en Cuba e, á súa volta, foi un sindicalista moi activo; pola actividade revolucionaria foi preso no Penal de Burgos, e amnistiado no ano 1936 tras a vitoria da Fronte Popular. Foi secretario da Federación Comarcal de Campesinos de San Pedro de Nós e participou na Agrupación Confederal Galaica. Colaborou coas revistas *Solidaridad Obrera* e *Solidaridad*. Fuxiu da Coruña na Libertaria e uniuse ao Batallón Galicia, do que foi capitán axudante. Non se puido localizar a familia.



Luis Rafael Villar Sánchez (CNT, Agrupación Confederal Galaica, Juventudes Galaicas en el Norte), natural e veciño de Vigo, 28 anos, era debuxante. Delegado pola Agrupación Confederal Galaica en Asturias para visitar os hospitais de Asturias, foi tamén integrante da xunta económica do Batallón Galicia, vocal do Grupo Gijón das JJ.LL. Galaicas en el Norte e tesoureiro das JJ.LL. Galaicas en el Norte. Non se puido localizar á familia.

Todas as fotos tomadas do *Informe de la exhumación de una fosa común en A Fonsagrada (Lugo)*, ARMH, 2007-2008

José Fernández Patiño (CNT), natural de Noia (A Coruña). Foi sarxento da primeira compañía do Batallón Galicia.

É, probablemente, un dos milicianos sen identificar encontrados na fosa do Acevo.

Enrique Viadero Haya (CNT), natural de Armero (Santander), 26 anos; era mariñeiro e estaba casado. Fora sarxento de milicias. É, probablemente, un dos milicianos sen identificar encontrados na fosa do Acevo.

Maximino Díaz Bugallo (CNT, ¿UGT?), natural de Milleda (¿Silleda?), 24 anos; era canteiro. Fora sarxento de milicias do Batallón Galicia. Foi fusilado na Fonsagrada e enterrado nunha fosa común no cemiterio.



Jesús Martínez Castro (CNT), natural e veciño de A Coruña. Miliciano do Batallón Galicia, foi detido no Acevo e fusilado na Fonsagrada, o 31 de outubro de 1937. Tiña un fillo que non chegou a coñecer. Unha veciña da Fonsagrada acompañouno nas súas últimas horas de vida e púxose en contacto coa súa familia para avisala do sucedido.

Foto de Jesús Martínez Castro: Eliseo Fernández, *Dossier Acebo*

Manuel Bugallo Lois (CNT), era natural de Forcarei (Pontevedra), canteiro. Segundo os testemuños, estivera traballando en Naraxa e, cando volveu cobrar os xornais, de retirada da fronte de Asturias, onde fora miliciano, foi denunciado e fusilado na Fonsagrada.


Autoría e transmisión das coplas


A handwritten signature in dark ink, reading "Daniel Álvarez Ferreiro". The signature is written in a cursive style, with "Daniel Álvarez" on the top line and "Ferreiro" on the bottom line, connected by a long horizontal flourish.

Foto: firma de Daniel Álvarez Ferreiro tomada dunha carta manuscrita, dirixida a un amigo de Ferreiros, do ano 1930

Gracias a varios testemuños, recollidos en distintas aldeas e diferentes épocas, podemos asegurar que o autor das coplas do comandante Moreno foi Daniel Álvarez Ferreiro, Daniel de Reboiro de Ferreiros. Por exemplo, así o pensaba David Álvarez Carballido, militante comunista de San Martín de Suarna. As coplas foron compostas como un romance para ser transmitido oralmente e o autor, aínda que non parece que se escondera especialmente, tampouco as concibiu coma unha obra exclusivamente propia (a censura da época da ditadura non o facía recomendable). Ademais, despois dunha traxectoria de transmisión, primeiro oral durante 40 anos e despois oral e escrita durante outros 40, as coplas son un fenómeno múltiple que non remite a un obxecto único. Nin aínda que atopamos o papel no que Daniel de Reboiro escribiu a primeira versión das coplas, sería axustado dicir que esa é a versión "auténtica". Como fenómeno que foi de tradición oral, as coplas compóñense de infinidade de variantes, versións e estrofas soltas que a xente segue recordando case que de casa en casa. Aquela primeira composición que Daniel de Reboiro puxo en circulación (con toda seguridade dun xeito moi consciente) foi o detonante dun fenómeno colectivo moito máis amplo. Cada nova interpretación, cantada ou recitada, do romance enteiro ou de estrofas soltas, é unha expresión do amplo fenómeno das coplas.

Fonte: Elaboración propia a partir das fotografías aéreas do voo fotogramétrico Americano Serie A do Army Map Service (EUAU) e o Exército do Aire, anos 1945 e 1946. Fotogramas do Ministerio de Defensa (CECAF)





Expediente de responsabilidade política nº 72/1941 de Enrique Santamarina Becerra; Balbino López Pérez e outros. Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia

DANIEL ÁLVAREZ FERREIRO

naceu en Ferreirous en 1896, o maior de tres irmáns, Jesús e María. Cando o chamaron a filas no ano 1917, encontrábase emigrado na Habana, de onde debeu volver en 1935 ou 1936. Militante de *Izquierda Republicana* da Fonsagrada, implicouse tamén na creación dun sindicato agrícola en Ferreirous, do que aínda temos pouca información. O 17 de setembro de 1936 foi detido e encarcerado na cárcere de Monforte de Lemos; foi liberado o 3 de maio de 1938 despois de pagar unha multa de 200 pesetas e volveu a Ferreirous. No ano 1941 o Tribunal Rexional de Responsabilidades Políticas da Coruña abriu un expediente contra el xunto con:

- **Enrique Santamarina Becerra**, militante de IR, mestre.
- **Balbino López Pérez**, vocal do Consello de IR da Fonsagrada, segundo as Actas de constitución do 20 de Setembro de 1935; mestre e despois de ser represaliado, libreiro.
- **José Díaz Rodríguez**, “o Roxo de Restrumeiro”, directivo de IR na Fonsagrada. Xa fora xulgado en Lugo por rebelión militar, condenado a morte e executado en Lugo o 27 de xullo de 1937.

En 1942 foron sobresidos estes expedientes.

Daniel implicouse posteriormente na construción do campo de fútbol de Barbeitos, xunto con José María de Llano de Barbeitos e Ron de Vilarín. Conservamos unha noticia do periódico *El ideal gallego* (27/04/1946) na que se recolle a inauguración do campo de fútbol da Magdalena e se menciona a súa participación. Era albanel e, segundo os testemuños, Daniel construíu a fonte de Llencias, inaugurada polo alcalde Fonteiriz no ano 1950; a casa dos mestres de Barbeitos e o alxibe da casa de Reboiro. Morreu por suicidio no ano 1956.

Daniel de Reboiro de Ferreiros, un home que tivo que ser, el tamén, “honrado e valiente”, ademais de enxeñoso, e dolorosamente consciente dos tempos nos que vivía. Seguro que chegou a ver, antes da súa morte, a repercusión que lograron as coplas, e quizais conseguiu así minorar un pouco a grisalla dos longos anos de ditadura, inda que a el a negra sombra lle fixera mofas durante toda a súa vida.

Funcións sociais das coplas

As coplas do comandante Moreno expresan uns recordos traumáticos para a veciñanza da Fonsagrada, e convértenos en **memoria colectiva**. A memoria colectiva resulta necesaria para expresar unha dor tamén colectiva, porque a represión ou o esquecemento serían peores ou resultan imposibles. As coplas representan tamén unha **estratexia de resistencia** contra a represión, contra o intento por botar terra sobre uns sucesos percibidos como depreciáveis que non foron investigados nin xulgados, sobre os que non houbera xustiza nin reparación; as coplas son tamén unha estratexia contestataria de elaboración do propio relato, nun momento de censura e en ausencia tamén de reconstrución histórica (ata a intervención da ARMH). Así, representan un testemuño colectivo e, nese sentido, gardan a memoria duns sucesos e teñen unha **función histórica**. As interpretacións que se fagan

delas teñen que respectar estas dúas dimensións que son esenciais: non faltar a verdade dos feitos, terxiversándoos deliberadamente ou por facer unha aproximación superficial, e respectar a **dor colectiva** que expresan.

As coplas tamén cumpriron unha **función pedagóxica**, encarnando nas novas xeracións os valores que o grupo quería transmitir e os que rexeitaba, dun xeito controvertido e non exento de polémica nin maniqueo, e ás veces ambiguo ou contradictorio. Ensináronnos con vivas imaxes o que representa a crueldade humana, a tortura, a violencia, a imposición do máis forte ou do que ten os medios da violencia –tamén dimensións de xustiza e resistencia, así como nocións de castigo, vinganza e transcendencia–.

Descrición

A tradición oral galaico-portuguesa e asturiana é atiquísima e moi rica. O autor e os transmisores das coplas souberon acudir a esa tradición para desenvolver esta estratexa de resistencia nun contexto de represión e ditadura, fronte ao medo que non logrou impoñerse de todo. Escritas en octosílabos asonantes con rima nos pares, as coplas son un dos chamados “romances novos”, moi orixinal por ser composto e difundido tan tardiamente, cunha cultura oral xa en decadencia. Están compostas en castelán, xa que na ditadura a xente aprendía a ler e escribir en castelán, por ser o galego unha lingua silenciada a golpe de prohibición; tamén en castelán están as cartas da época que conservamos. O galego era unha lingua oral e, inda que as coplas foron transmitidas oralmente, foron compostas por escrito con toda probabilidade. Con todo, existe algunha estrofa solta en galego en dúas variantes:

E o Xastre de Carballido
como era tan lixeiro
deull’un golpe ca culata
hala axina pra furada

E o Xastrín de Carballido
como era tan apresurado
foille dar ca culata
do fusil pro furado

As coplas difundíronse oralmente nun área sorprendentemente ampla: eran coñecidas, polo menos, en Villanueva de Oscos, San Martín de Oscos, Santa Eulalia de Oscos, Grandas de Salime, Ibias (en Asturias os tres concellos), A Fonsagrada, Becerreá, Ribeira de Piquín, Navia de Suarna e Negueira de Muíñ (en Galicia).

Presentamos tres versións das coplas que conservamos por extenso, as que temos que sumar unha larga colleita de estrofas soltas. A **primeira versión** que foi compilada por escrito, ata onde sabemos, é a de Dorothé Schubart e Antón Santamarina, que inclúe, por un lado, 23 estrofas nas que se recolle o relato da historia completa, compiladas en Ouviaña, Os Baos, Ribeira de Piquín, en xaneiro de 1981, transmitidas por Prefeuto, labrego de 63 anos. Por outro lado, unhas estrofas complementarias recollidas por unha alumna do instituto da Fonsagrada e, finalmente, outras catro estrofas complementarias transmitidas por Horocel, de 29 anos, en Barcia, San Xorxe, Ribeira de Piquín, en agosto de 1980.

A **segunda versión** foi compilada por escrito por José (Pepe) Bueno Díaz nos anos 90 segundo a recitaban seus pais, Jesús Bueno Blanco e Pacita Díaz Rodríguez, da casa do Cuarto de Pántaras.

A **terceira versión** foi compilada pola ARMH en 2010 e fíxose famosa porque foi publicada en YouTube. É a versión de María Severina Murias.

Cada unha destas tres versións ten unha entidade propia, cada unha inclúe algunha estrofa nova, non presente nas outras, e, inda que as tres reproducen a historia completa e comparten a maioría das estrofas, cada unha dálle ao relato unha lixeira variación, sobre todo na parte final, na que se introducen elementos de vinganza, castigo, reparación ou xustiza, e tamén no relativo aos detalles da morte do comandante Moreno. Resulta moi importante ter en conta que estas tres versións, coas súas variantes, son soamente unha pequena mostra do que debeu ser a riqueza da transmisión performativa das coplas. Xa non se pode constatar, pero é seguro que, coma estas tres, deberon existir máis versións completas, coas súas variantes, seguramente algunhas perdidas, que destacaban un ou outro elemento do sucedido e da actitude da comunidade ante os feitos, segundo a memoria, o contexto e a intención ou a aproximación persoal da persoa que as cantaba ou recitaba. As versións das coplas deben ser, ademais, completadas, cos testemuños orais dados polos veciños e veciñas, que engaden detalles e información ao relatado nelas.

Hermenéutica

Podemos clasificar as distintas estrofas en catro partes, presentes nas tres versións e nas que se poderían enmarcar todas as estrofas soltas compiladas. En primeiro lugar, unha introdución que sitúa os feitos no Acevo e di rapidamente o que pasou, algo do que “ya están enterados” (v. 2 e 3). Cabe neste grupo tamén unha estrofa solta que sitúa os feitos “en el año treinta y siete”.

En segundo lugar, as versións primeira e terceira recollen a firma do autor, que se retrata como un home maior, ás portas da morte, sen que deixara nome algún – aínda que tampouco se escondeu completamente, porque moitos veciños e veciñas que o coñecían sabían que o autor fora el–.

En terceiro lugar, o relato detallado dos feitos que identifica ao grupo de homes asasinados como “víctimas de una traición”, e no que sobresaí o personaxe do comandante Moreno, que escapou ao primeiro asalto pero foi despois detido e torturado antes de morrer. Esta parte culmina no momento de máxima tensión dramática das coplas, ao relatar como os falanxistas se repartiron as pertenzas de José Moreno e as luciron publicamente.

A cuarta parte é extensa, e parece ser a que medrou máis ao longo dos anos. Inclúe todas as estratexias de reparación da inxustiza cometida posibles: o castigo divino (“no podréis subir al Cielo”); a vinganza (“quién son aquellas dos chicas...” na v. 3; “se oyó una voz que decía...”, na v. 3) e o perdón (que o propio comandante Moreno podería conceder aos falanxistas, o único que lles podería abrir as portas do ceo).

En resumo, as coplas compren unha función de **xustiza poética**, porque elaboran coidadosamente, a partir de figuras e estratexias literarias, xuízos capaces de restaurar de diversos xeitos un equilibrio desfeito polas brutais inxustizas cometidas. Son xeitos simbólicos e potentes, estratexias de resistencia fronte a ausencia de xuízos legais e doutro tipo de reparacións. Un exemplo son as dúas seguintes estrofas, que seguen ao momento de máxima tensión no relato das torturas:

Con una buena zamarra
del comandante moreno
paseaba en Fonsagrada
al otro día un caballero

paseaba en Fonsagrada
con la zamarra de cuero
y un chistoso le decía
qué buen mozo estás Moreno.

Ao sarcasmo de referirse ao falanxista que tratou inhumanamente as súas vítimas como “caballero”, únese a recepción que se fai da exhibición que o falanxista pretende converter nunha fazaña: el pretendía que todos souberan que el matara ao comandante e lle roubara o abrigo, e que podía mostralo impunemente polos espazos públicos da vila, pero “un chistoso le decía / qué buen mozo estás Moreno”; é dicir, un borracho, un ninguén, a quen se lle podía perdoar un chiste, botáballe un piropo pretendendo que o falanxista era, en realidade, o comandante Moreno. Deste xeito, o terror que a exhibición do trofeo pola Fonsagrada quere sementar, queda literariamente convertido nunha burla encuberta polo suposto chiste que logra minar a autoridade da violencia pola vía poética. O falanxista non oculta o que fixo, todo o mundo o sabe; pero, en vez de cunha lexítima expresión de medo, a xente responde subrepticamente tornando esa auto-identificación do autor do crime nunha auto-delación, que queda en suspenso pola represión franquista pero que non se esquece en ningún momento.



Foto tomada do *Informe de la exhumación de una fosa común en A Fonsagrada (Lugo)*, agosto 2007 / marzo 2008, ARMH.

Reconstruíndo a historia e a memoria

Do 11 ao 16 de agosto de 2007 e do 15 ao 19 de marzo de 2008 tiveron lugar as actividades de exhumación de dúas fosas comúns e unha fosa individual, nas que se encontraron os restos de 8, 4 e 1 persoas respectivamente, no límite entre os concellos de A Fonsagrada e Grandas de Salime. A exhumación foi promovida pola ARMH coa colaboración do Ministerio da Presidencia e o Concello da Fonsagrada. Co equipo de arqueoloxía e historia houbo unha ampla colaboración de testemuños e veciñanza, así como voluntariado de fóra.


A partir da apertura da primeira fosa, organizáronse varios homenaxes e actos no cemiterio, na casa da Cultura e nas fosas. En novembro de 2007, no 70 aniversario das mortes, a ARMH fixo un chamamento ás familias, que acudiron aos actos programados.

Aínda non se encontrara a terceira fosa, na que se encontraba o corpo de José Moreno Torres; foi localizada en marzo de 2008. Por decisión das familias, os corpos quedaron todos xuntos no cemiterio da Fonsagrada. O funeral tivo lugar o 31 de outubro de 2009. O 5 de decembro entregáronse oficialmente as pertenzas do comandante Moreno á súa familia. A unión do pobo á hora de exhumar as fosas sorprendeu aos integrantes da ARMH.

“O salón de actos encheuse total, o día que viñeron os familiares de México do comandante Moreno”, nos di un dos asistentes (A Fonsagrada, 2023).

Segundo Lourdes Moreno, neta do comandante Moreno “la última misión del Batallón Galicia era que todos esos amigos llegaran a su familia. Ya llegaron, y el punto de reunión de todos es Fonsagrada, que es donde tienen que estar... Yo ya soy también de Fonsagrada” (A Coruña, 2024).

“Fomos tocar o himno galego cuando se sacaron da tumba. Ese día foi complicado. A gaita entra moi adentro e ese é un dolor que anda por dentro. Todos os que conocíamos aquilo, foi un abuso da humanidade”, recorda un informante da Puebla de Burón (2023).



Repercusión posterior e bibliografía




A periodista e escritora Manon Moreau (París, 1981) visitou en 2006 o Porto do Acevo e coñeceu a historia do comandante Moreno. A directora teatral Elise Chatauret pediulle que escribira o guión dunha obra para a Eltho Compagnie, que o rematou en 2008, cando tanto a directora como a autora volveron a A Fonsagrada. *Où vas-tu Pedro?* estreouse en París en abril de 2009: narra varias historias baseadas no comandante, a súa muller e unha nena.



Memorias rotas. A balada do Comandante Moreno é un documental de Manane Rodríguez. Trátase dunha crónica audiovisual sobre o romance popular e a trágica historia dos últimos momentos dos compoñentes do Batallón Galicia. Está construído sobre os relatos dos que, sendo nenos, foron testemuñas do que sucedeu ou escoitaron os relatos aos seus familiares.



Represaliados, na lembranza do Comandante Moreno é unha exposición baseada nunha serie de cadros do artista Celso Dourado. A exposición artística estivo desde 2013 en Mondoñedo e Viveiro e, en 2014, viaxou a Fonsagrada, onde se expuxo no Museo Etnográfico.



El batallón Galicia, de Cristóbal Ruitiña (2015), recrea os sucesos do Acevo dun xeito novelado.



Na carretera LU-701, pasado o quilómetro 12 e chegando ao límite autonómico con Asturias, ábrese unha pequena chaira cerca de onde se encontraron as fosas. Presenta dúas filas de árbores e dous bancos de madeira, un montículo de pedras, un texto desaparecido sobre unha viga de madeira, e un mastro de ferrería que porta un texto que di: “Batallón Galicia –In memoriam- 1937-2017”.

O día 29 de setembro de 2017 rendiuse homenaxe na Coruña á memoria dos milicianos do Batallón Galicia e aos seus compoñentes asasinados 80 anos antes no Acevo. Os actos, organizados pola ARMH, comezaron no porto de Oza na Coruña, onde se descubriu unha placa.

Na mañá do sábado día 30, en A Fonsagrada, levouse a cabo un acto no monumento do Acevo, xunto á estrada, cerca das fosas, con voluntariado da ARMH e veciñanza. Pola tarde do mesmo día, celebrouse no Salón de Actos da Fonsagrada un evento con artistas e persoas investigadoras en antropoloxía, historia e arqueoloxía, recordando e homenaxeando aos membros do Batallón Galicia.

EL PAÍS

Galicia

La fosa del comandante Moreno

Miembros de la Memoria Histórica rescaten los restos del jefe del Batallón Galicia

El que fue jefe del Batallón Galicia, el comandante José Moreno Torres, nunca pudo llegar hasta A Coruña cuando la represalia del Euzko Armatas para exterminar a sus compañeros de la CNT, pero tampoco se quedó donde los hitlerianos lo hicieron...

EL COMERCIO

Batallón Galicia: diez años con su lugar en la Historia

La Asociación para la Recuperación de la Memoria Histórica y la Asociación de veteranos de la guerra civil de los Batallones Galicia, del que se reorganizaron los restos de diez mil combatientes...



EL COMANDO VICO

El comandante Moreno, rescatado del olvido

El comandante Moreno, jefe del Batallón Galicia, rescatado del olvido y oficial de la guerra civil de Galicia. Se rescató el cuerpo de un soldado de la CNT, tras la caída del Euzko Armatas en Asturias, el 23 de octubre de 1937. Su objetivo era llegar a la ciudad para hacer desde allí un llamado...



EL PAÍS

España

La última copia del comandante Moreno

Batallón entre Galicia y Asturias los cadáveres de 11 milicianos republicanos que los hitlerianos hundieron en el mar

¿Desde qué el resto de los del comandante Moreno? ¿Desde qué la copia del comandante Moreno? Durante décadas, una copia copia de los restos de los soldados que se reparten Galicia de Asturias. La última de ellas había desaparecido de...





BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA

Almasia, Anahí y Sánchez, Mariela (Eds.); Santamarina, Antón (Entrv.). *Memorias dun loitador anti-franquista: o testemuño do comunista David Álvarez Carballido*. Alvarellos Editora, 2018.

Bueno Gómez, Noelia. "Collective Memory and Poetic Justice in Galicia: A Study of the 'Coplas del Comandante Moreno'", *Folklore*, 2014, 125:3, 286-305.

Todorov, Tzvetan. *Memoria del mal, tentación del bien. Indagación sobre el siglo XX*. Barcelona, Península, 2002.

Blanco, Domingo. *A poesía popular en Galicia (1745-1885). Recopilación, estudio e edición crítica*, vol I, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1992.

Fernández, Eliseo. *Dossier Acebo*. Comunicación persoal.

Fernández, Eliseo; Pereira, Dionísio. *O anarquismo na Galiza. Apuntes para unha enciclopedia*. Santiago de Compostela, Positivas, 2004.

García-Rodeja Arribí, Carmen. "Literatura popular, memoria y relato histórico: del canto a la localización de los muertos, crónica de una exhumación", *Memorias del IX Congreso Internacional de Historia Oral, AMHO*, Guanajuato, 2011.

Informe de la exhumación de una fosa común en A Fonsagrada (Lugo), agosto 2007/ marzo 2008, ARMH, Ministerio de La Presidencia y Exclmo. Ayuntamiento de A Fonsagrada

López Fernández, Carme. "Romance do comandante Moreno. Música de tradición oral, historia y educación", *Human Review* 2023, doi.org/10.37467/revhuman.v18.4892

Mariño, Henrique. "Matad al republicano, desvaliad al muerto: el robo del reloj como símbolo de la represión franquista", *Público*, 01/10/2019

Pereria, Dionísio; Fernández, Eliseo. *O movemento libertario en Galiza (1936-1976)*. Vigo, A Nosa Terra, 2006.

Pereira, Dionísio; Fernández, Eliseo. *Nacionalismo e anarquismo na Galiza (1840-1940)*. Santiago de Compostela, Positivas, 2020.

EXPOSICIÓN

CASA DA CULTURA
(A FONSAGRADA)

Do 3 de agosto ao 31
de outubro de 2024

Para visitas de grupos
(máis de 10 persoas):
cultura@afonsagrada.org

Para máis información:
memoriaorafonsagrada@gmail.com



Universidad de
Oviedo



CONCELLO DA
FONSAGRADA